



BANDO

DAVID BARBEIRA GARCIA, ALCALDE DO CONCELLO DE SANTA COMBA fai saber a toda a veciñanza do concello que, segundo datos facilitados polas autoridades sanitarias, neste momento **son 36 os casos positivos por Coronavirus.**

Debemos cumprir en todo momento:

- Toque de queda: De 22:00 a 6:00 horas.
- Reunións máximo 4 persoas.
- Peche da hostalería: 18:00 horas. Aforo 30% interior e 50% terraza. O servizo de entrega a domicilio poderá realizarse ata as 24.00 horas.
- Actividades públicas ou privadas: Máximo 4 persoas, agás conviventes.
- **Santa Comba non está pechada perimetralmente.**
- No comercio aforo do 50% e nos centros comerciais prohibido permanecer en zonas comúns. Peche ás 21:30 horas.
- Suspensión das competicións de deporte federado de ámbito autonómico e os adestramentos deben respectar os peches perimetrais, os toques de queda e o número máximo de 4 persoas, excluído o monitor.
- A práctica da actividade física e deportiva non federada, ao aire libre, pode realizarse de forma individual ou colectiva ata un máximo de 4 persoas sexan ou non conviventes, excluído o monitor.
- Nas instalacións e centros deportivos pode realizarse actividade individual ou colectiva cun máximo de 4 persoas, sexan ou non conviventes, excluído o monitor, sen contacto físico e sempre que non se supere o 50% da capacidade máxima permitida. En ningún caso se abrirán aos usuarios os vestiarios e zonas de duchas, agás casos estritamente necesarios.

Dende o Concello pídese a toda a veciñanza que se sigan cumprindo coas medidas de prevención:

- Restrinxir ao máximo a interacción social e que os encontros queden limitados unicamente á unidade de convivencia.
- Usar sempre a máscara.
- Manter a distancia de seguridade interpersonal e evitar as aglomeracións.
- Lavar e desinfectar as mans frecuentemente.

No caso de presentar algún síntoma contactar co **teléfono 900 400 116.**

Santa Comba, 23 de xaneiro de 2021

O ALCALDE,

David Barbeira García